

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: EPA RIO LÉREZ

CURSO: EBI II

MATERIA: Ámbito da ciencia, tecnoloxía e sociedade

DEPARTAMENTO: Ensinanzas básicas iniciais

DATA: 15 DE MAIO

ÍNDICE

0. **Introdución**
1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Introducción

Dada a situación de emerxencia sanitaria recollida no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicada no BOE número 67 do propio 14 de marzo e acorde ás Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa recóllese nas seguintes páxinas a correspondente adaptación da programación para que serva de orientación no vindeiro curso 2020-2021.

Tendo en conta as características integradoras e formativas das ensinanzas básicas iniciais inclúense algúns dos criterios e estándares imprescindibles para que o alumnado do nivel poida continuar a súa formación en cursos posteriores. Séguense por tanto os contidos e criterios e estándares recollidos na orde do 20 de marzo de 2018 que regula a educación básica para persoas adultas en Galicia así como algúns dos recollidos no decreto 105/2014 polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 8	CENTRO: EPA RÍO LÉREZ CURSO:EBI I I MATERIA: ÁMBITO DA CIENCIA, TECNOLOXÍA E SOCIEDADE
--	---------------	--

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Manexar e expresar información concreta e relevante de feitos e fenómenos sociais e históricos, dende unha perspectiva crítica e construtiva, a través textos breves.	B1.1.1. Utiliza o vocabulario e as estruturas lingüísticas adecuadas para expresar os contidos propios das ciencias naturais e sociais. B1.1.3. Comprende a importancia dos movementos dos corpos celestes e sabe explicar os seus efectos. B1.1.4. Le e comprende textos científicos seleccionados e noticias de actualidade.
B2.1. Interpretar representacións das ciencias naturais e sociais empregando números, medidas, conceptos básicos de espazo e forma, e estratexias de razoamento lóxico, que permitan reflexionar e analizar feitos naturais, sociais e históricos.	B2.1.1. Obtén información concreta sobre feitos e fenómenos relacionados co módulo consultando imaxes, gráficas, símbolos e mapas. B2.1.5. Recoñece as diferentes paisaxes do seu contorno e de Galicia, comprendendo que son produto das relacións entre axentes físicos e biolóxicos, e destaca a especial relevancia da acción sobre eles dos grupos humanos
B4.1. Analizar e interpretar de xeito crítico información e acontecementos relacionados coa natureza, valorando que esta é un ben da humanidade.	B4.1.1. Valora a importancia de manter o equilibrio dos ecosistemas. B4.1.2. Relaciona diferentes estilos de consumo e a contaminación que xeran coas súas consecuencias ambientais a curto e longo prazo. B4.1.3. Coñece as fontes de enerxía dispoñibles no planeta e os usos habituais de cada unha delas e comprende o impacto económico e ambiental que ten unha actividade humana irresponsable.
B1.3. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos.	B1.3.1. Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade
B2.1. Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relacionalas co desenvolvemento enerxético e sustentable. B2.2. Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz e os cambios de estado.	B2.1.1. Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, chuvia ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sustentable.
B3.1. Integrar os coñecementos adquiridos en diferentes contextos e con diferentes niveis de detalle para comprender tanto a estrutura global como aspectos particulares do mundo natural e social	B3.1.1. Elabora esquemas sobre os seres vivos, a estruturados ecosistemas e o funcionamento do corpo humano. B3.1.3. Diferencia organismos unicelulares de pluricelulares e expresa as claves do seu funcionamento.

B4.1. Utilizar a linguaxe formal adecuada para describir, en termos básicos precisos, o funcionamento do corpo humano.	B4.1.2. Coñece a importancia da nutrición e sabe que procesos e aparellos interveñen nela. B4.1.3. Comprende e explica como se leva a cabo o proceso dixestivo: a dixestión, a absorción dos nutrientes e a eliminación das substancias de refugallo.
B4.2. Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: localización, forma, estrutura, funcións, cuidados	B4.2.1. Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións
B1.1. Comprender, respectar e gozar de diferentes manifestacións culturais e artísticas consideradas como patrimonio dos pobos a escala local, nacional e internacional.	B1.1.1. Recoñece elementos representativos da cultura de España e de Europa. B1.1.4. Valora de xeito crítico e construtivo as formas de expresión cultural e artística españolas e europeas. B1.1.6. Imaxina a historia a partir da observación da situación actual.
B3.1. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos	B3.1.1. Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade. B3.1.2. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, nas artes, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e da comunicación. B3.1.4. Coñece os avances que permitiron a investigación científica na nosa sociedade e os efectos que tiveron nela

3. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Dentro dos procedementos de avaliación inclúese o traballo feito polos alumnos de xeito telemático na maioría dos casos e recollido en imaxes a través de correo e outros soportes dixitais como whatsapp dado en moitos casos a dificultade doutros tipos de conexión por parte do alumnado ou do propio profesor.</p> <p>Habida conta do cambio metodolóxico sobrevido a avaliación terá un carácter continuo e global, diagnóstico e formativo.</p> <p>Tamén se valora positivamente a disposición do alumno ou alumna por manter as rutinas de traballo e o hábito de estudo.</p>
	<p>Os instrumentos de avaliación son por tanto as propias actividades do alumnado así como a valoración da súa adquisición de competencias clave relacionadas cos contidos e a evolución do seu proceso madurativo tendo en conta os obxectivos, contidos e competencias do nivel.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final de curso resulta de ponderar o traballo realizado polo alumno nos trimestres que si foron presenciais ata o 13 de marzo así como o traballo realizado de xeito telemático na maioría dos casos. Se a situación sanitaria e a lexislación así o permiten cabe a inclusión de traballo en soporte físico.</p> <p>En todo caso tentarase non prexudicar ao alumando xa prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de presencial a telemático.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Tendo en conta as características das ensinanzas básicas iniciais como ponte para formar ao alumnado e acceder a cursos superiores non se considera necesario realizar probas en setembro aínda que se recomenda o traballo durante o verán para reforzar e manter activas as competencias, procedementos e contidos adquiridos durante o curso.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Considerando as características arriba mencionadas das educacións básicas non se atopa alumnado con materia pendente aínda que si será preciso no caso de alumnos concretos reforzar os contidos que non se incluíron relativos as ciencias naturais en especial e nas ciencias sociais os períodos máis recentes.</p>

4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Fichas con actividades de escolla de verdadeiro e falso, resposta múltiple ou resposta breve. Fichas con actividades para unir, identificar imaxes ou clasificar termos relacionados coas ciencias naturais e sociais.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	As actividades arriba mencionadas son postas a disposición do alumnado con posibilidades de conectarse ben a través de ordenador ou noutros soportes como o móbil, engadindo dificultades a unha formación xa de por si complexa. Trata de seguirse unha metodoloxía centrada no alumno, que trata de elaborar en base ás súas necesidades un itinerario de reforzo que serva para afianzar as aprendizaxes previas.
Materiais e recursos	Fichas e actividades en formato dixital compartidas cos alumnos a través de plataformas como moodle, ou o correo electrónico.

5. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Os cambios incluídos na programación serán comunicados aos alumnos a través do grupo de aula e nos casos de alumnos sen conectividade dita información será transferida de xeito telefónico.
Publicidade	A presente modificación da programación farase publica na páxina web do centro.